



PRECISARÁN TRAER Á ESCOLA:

- Un **mandilón (de cor azul)**, abotoado por **diante con botóns, cunha cinta de 20 cm para colgalo e co nome en letras maiúsculas posto nun lugar visible.**
- **Tres fotos tamaño carnet** do neno/a.
- **Mochila, sen rodas**, que poidan abrir e pechar facilmente.
- Unha **caixa de panos desbotables** (non paquetes de panos)
- Un **paquete grande de toallíñas húmidas.**
- Un **mantel e unha servilleta pequenos e de tea** para as merendas.
- Unha **botella de auga** reutilizable e con biquela.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN:

- Os nenos/as deberán ter unha **asistencia regular** á escola e respetar a puntualidade.
- O **horario lectivo** será de **9:00h a 14:00h**. As familias que desexen acollerse ao **período de adaptación** dende o **11 de setembro ata o 17 de setembro** (ambos inclusive segundo o calendario escolar 2024/2025), terán un horario diferente ao do resto do centro, sendo informados sobre o mesmo por parte da titora na primeira reunión do mes de setembro. Unha vez rematado o período de adaptación o horario deste alumnado será de 9:00h a 14:00h.
- Se están **enfermos** deberán deixalos na casa para evitar o propio malestar do neno/a e o contaxio aos demais.
- Se non van vir á escola deberase comunicar, á titora, esa **ausencia**.
- Se ao seu fillo/a recolleo unha **persoa distinta** á habitual, por favor, avisade á mestra.
- Ao inicio do vindeiro curso explicárase e valorárase a posibilidade de organizar unha cooperativa para a adquisición do material da aula.

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

- Podedes **visitar o colexio** os días **3, 4 e 5 de xuño, cos nenos e nenas.**
- En **horario** de **13:00h a 13:30h**

GRAZAS POR CONFIAR NO NOSO CENTRO!



FELIZ VERÁN!

CEIP ISAAC PERAL

**CURSO
2024-2025**



**Av de Mac Mahón, S/N, 15403
Ferrol, A Coruña**



881 93 02 18



ceip.isaac.peral@edu.xunta.gal



**[http://www.edu.xunta.gal/
centros/ceipisaacperal/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/)**



A Educación Infantil non é un ensino obrigatorio mais é unha etapa reglada cun currículo propio.

Dende o momento en que matriculan aos seus fillos/as en Educación Infantil, as familias adquiren o compromiso de cumprir con todas as normas recollidas na lexislación vixente e coas que o centro escolar recolle nos seus documentos oficiais (N.O.F.C.) e que son as mesmas que para a etapa de Primaria.

A Educación Infantil non ten unha función asistencial. É unha etapa educativa tan importante coma a de Primaria. É nestes momentos cando se asentan as bases para o desenvolvemento das competencias consideradas básicas, polo que todos debemos colaborar e cumprir unha serie de requisitos que garantan a seguridade, a convivencia, o aproveitamento e o benestar dos seus fillos/as no centro.

O inicio do segundo ciclo da etapa de Educación Infantil (aos tres anos) supón un punto de inflexión na vida dos nenos/as que implica un cambio importante de rutinas, hábitos e actividades; por iso é importante afrontar un período de adaptación e preparación durante o verán previo á súa incorporación ao centro.

Para que a transición sexa o máis levadeira posible e os vosos fillos empecen a disfrutar plenamente da súa “nova vida” dende os primeiros días de colexio, **é recomendable traballar algúns aspectos:**

1. Preparalos/as para afrontar a separación. Os medos soen ser temporais e desaparecen cando os nenos e nenas entenden mellor o mundo. É conveniente que lles expliquedes o que vai acontecer pronto nas súas vidas e que non os ides abandoar no colexio, pois alí aprenderán e xogarán só unhas horas.

É importante que escoitades os seus medos e sentimentos e que manteñades unha canle de comunicación aberta con eles/as.

2. Xerar nos pequenos/as expectativas positivas, amosándolles a versión máis positiva do cambio co obxectivo de crear neles/nelas a ilusión pola nova etapa que comeza (repetirlle que no colexio van desfrutar, aprender, xogar con outros nenos/as, etc.).

3. Traballar unha serie de normas, hábitos e rutinas:

- **O cueiro:** Os nenos/as deben incorporarse á escola co control de esfínteres adquirido; ser capaces de pedir pis e ir ao servizo. É aconsellable aproveitar o verán para habitualos nesta aprendizaxe. Non se trata de xerar un cambio brusco, senón paulatino.
- **Axustar** as súas **horas de sono e comidas** ás novas rutinas.
- **Favorecer a súa autonomía,** animándoos a que fagan as cousas por si mesmos/as. É importante que aprendan a vestirse e desvestirse sen axuda; a comer de forma autónoma; a ir ao baño sós/soas e a manter uns hábitos de hixiene axeitados (lavar as mans, limpar os mocos, etc.). Ao colexio é recomendable traer calzado cómodo (preferiblemente de velcro) e roupa que non lles limite os seus movementos nin lles impida ir ao baño de forma autónoma (é conveniente evitar os petos, cintos, etc.).
- Ofrecédelles un **modelo lingüístico axeitado.** É aconsellable non empregar con eles/elas unha linguaxe infantilizada.

- Animalos/as a que se expresen. **Falade moito con eles/elas** (das actividades que fan, de como se senten, do que fixeron na escola, etc.) e evitade entedelos/as só por medio de sinais e xestos.
- **Compartide** cos vosos fillos/as **tempo de xogos e lecturas.** A través dos contos poderedes axudalos/as a mellorar a súa linguaxe e ampliar o seu vocabulario. Ademais, a través dos contos poderedes proporcionarlles referencias para entender mellor algo que están vivindo por primeira vez.
- **Favorecer a súa socialización** e proporcionarlles tempo para compartir xogos e actividades con outros nenos/as da súa idade.
- **Establecer límites. Dicir “NON” tamén é querelos,** xa que os nenos/as precisan límites para comprender o mundo e aprender a vivir en sociedade.

4. Facer que o novo entorno lles resulte familiar. Os días previos ao inicio das clases súxírese achegar ao neno/a á escola para mostrarlle o edificio (a porta de entrada, o patio de xogos, etc.); e os seus arredores. Explicarlles o camiño que realizarán e con quen o farán. É aconsellable explicarlles quen os levará á escola e quen os recollerá.

5. Transmitídelles calma e seguridade aos vosos fillos/as. Se vós amosades ansiedade e preocupación pola incorporación dos nenos/as ao centro, eles/as percibirano e isto os pode facer sentir mal.